



SEAT
MO

Manual de instrucciones

Grazas pola confianza mostrada na elección dun eScooter SEAT MÓ

Recomendámoslle ler este Manual de instrucións coidadosamente para familiarizarse co seu eScooter e poder aproveitar todas as súas funcións na condución diaria.

A información sobre o manexo complementase con indicacións para o funcionamento e conservación do vehículo, para garantir a súa seguridade e o mantemento do valor do seu vehículo. Tamén lle proporcionamos valiosos consellos prácticos e suxestións para conducir o seu vehículo de forma eficiente e respectando o medio.

Desexámoslle que goce do seu vehículo e que teña unha boa viaxe.

SEAT, S.A.

Sobre este manual

Neste manual descríbese o equipamento do eScooter no momento do peche deste texto. Algúns dos equipos descritos a continuación introduciranse nunha data posterior ou só estarán dispoñibles en determinados mercados.

As ilustracións poden diferir nalgúns detalles con respecto ao seu eScooter e deberían entenderse como unha representación estándar.

As indicacións de dirección (esquerda, dereita, adiante, atrás) que aparecen neste manual fan referencia á dirección de marcha do vehículo, agás que se indique o contrario.

As marcas rexistradas están marcadas con ®. O feito de que este símbolo non apareza non garante que non sexa un termo rexistrado.

Neste manual, pode acceder á información, a través do:

- Índice temático coa estrutura xeral do manual por capítulos.
- Índice visual, onde se indica graficamente a páxina onde se pode atopar a información "esencial", que se amplía nos capítulos correspondentes.

ATENCIÓN

Os textos precedidos por este símbolo conteñen información sobre a súa seguridade e advirtenlle de posibles riscos de accidentes ou lesións.

COIDADADO

Os textos precedidos por este símbolo chamarán a atención sobre posibles danos ao vehículo.

Nota sobre o ambiente

Os textos precedidos por este símbolo conteñen información sobre a protección do ambiente.

Aviso

Os textos precedidos por este símbolo conteñen información adicional

Conectividad

O eScooter pódese conectar á aplicación móbil My SEAT MÓ, na que se amosan diferentes funcionalidades como a localización do eScooter, a verificación remota do estado da batería, a autorización de arranque, a apertura do asento, o bloqueo da moto e a recepción de notificacións.

Índice

Compoñentes xerais.....	8
Controis e manexo do eScooter.....	9

Seguridade

Condución segura.....	10
A seguridade é o primeiro!.....	10
Uso e mantemento.....	10
Roupa e elementos de protección.....	11
Carga.....	12
Accesorios e modificacións.....	12

Comprobacións antes de iniciar a marcha.....

Nivel de carga.....	12
Luces e intermitentes.....	12
Soportes.....	12
Pneumáticos.....	12
Espeillos retrovisores.....	13
Freos	13
Líquido de freos.....	13
Freo dianteiro.....	13
Freo traseiro.....	13
Panca de freo.....	14
Regulación da panca de freo.....	14

Emerxencias

Autoaxuda	15
Medidas de primeiros auxilios.....	15
Medidas contra incendios.....	15
Fusibles	15
Cambiar un fusible.....	15

Operación

Iniciar a marcha	16
Pasos a seguir.....	16

Instrumentos e indicadores de control.....

Cadro de instrumentos.....	17
Operación do cadro de instrumentos	18
Pantalla LCD.....	18
Botóns "SET"/"INFO".....	20
Indicadores luminosos.....	21

Controis e manexo do eScooter.....

Controis do lado esquerdo do guiador.....	23
Controis do lado dereito do guiador.....	24
Freo combinado e freo rexenerativo.....	25
Cláusor.....	26

Luces e visibilidade	27
Luces.....	27

Asento	28
Apertura e peche asento.....	28
Interior do asento.....	28

Soportes	29
Soporte lateral.....	29
Soporte central.....	29

Motor	29
Motor (roda traseira).....	29

Batería

Pack de baterías	30
Introdución.....	30
Instrucións de seguridade.....	30
Compoñentes do Battery Pack.....	31
Extracción do Battery Pack.....	33
Conector.....	34
Conectando a unidade de carga.....	34
Temperatura.....	35
Indicador de carga de batería en % (SoC).....	36
Autonomía.....	36

Vida útil do Power Battery Pack.....	36	Especificacións técnicas	44
Especificacións da batería e do cargador	37	Especificacións do eScooter (parte ciclo + motor)	44

Mantemento

Programa de mantemento	38
Traballos a realizar	38
Operacións e periodicidade	39
Conservación do eScooter	40
Limpeza e almacenamento (guía para gardar o eScooter)	40
Garantía	41
Entrega ao comprador	41
Condicións de garantía (motivos polos que se perde de no ser cumpridos)	41
Traballos de inspección	42
eScooter e batería.....	42

Datos técnicos

Identificación do eScooter	43
Número VIN	43
Etiqueta informativa - placa de produción.....	43

Compoñentes xerais




Fig.1 Compoñentes xerais

Os compoñentes xerais (a nivel de usuario) que forman parte deste eScooter son:

① Espello retrovisor »» páxina 13

② Gardalamas dianteiro

③ Roda dianteira

④ Cadro de instrumentos »» páxina 17

⑤ Toma de corrente – USB

⑥ Asento »» páxina 28

⑦ Gancho portaobxectos

⑧ Batería »» páxina 30

⑨ Soporte lateral »» páxina 29

⑩ Soporte central »» páxina 29

⑪ Cláusor »» páxina 26

⑫ Luz de freno, intermitentes

⑬ Motor (roda traseira) »» páxina 29

Controis e manexo do eScooter




Fig. 2 Controis e manexo do eScooter

- | | | | | | |
|---|---|---|---|---|--|
| ① | Cadro de instrumentos »» páxina 17 | ⑤ | Luz de estrada/longo alcance »» páxina 23 | ⑨ | Luz de cruzamento/warning »» páxina 24 |
| ② | Depósito de líquido de freos »» páxina 13 | ⑥ | Selector intermitentes »» páxina 23 | ⑩ | INFO »» páxina 24 |
| ③ | Freio »» páxina 13 | ⑦ | Bucina | ⑪ | Acelerador »» páxina 24 |
| ④ | Marcha atrás »» páxina 23 | ⑧ | Cúpula | ⑫ | MODE »» páxina 24 |

Seguridade

Condución segura

A seguridade é o primeiro!

Conducir un vehículo é unha actividade que esixe atención e implica a seguridade propia e de terceiros. Polo tanto, debe asumir a responsabilidade de tomar as precaucións adecuadas para minimizar os riscos ao usar o seu eScooter.

Nesta apartado en particular, e no manual en xeral, atopará información e recomendacións para facer da condución do seu eScooter unha actividade o máis segura posible.

Porén, non se poden recoller nin advertir sobre todos os perigos asociados ao funcionamento dun vehículo e o seu mantemento, polo que deberá facer uso do sentido común para gozar con total seguridade do seu eScooter. A continuación, as recomendacións máis importantes.

Uso e mantemento

O eScooter é un vehículo urbano deseñado para ser usado só en estrada, transportando como máximo o condutor e un pasaxeiro. Así mesmo debe respectarse a capacidade máxima de carga indicada no apartado correspondente.

- **Conduza dentro dos seus límites: teña** en conta a súa habilidade persoal e as condicións da estrada para circular con seguridade. Non os sobrevalore e deixe marxe para imprevistos.
- **Non beba nin consuma drogas antes de conducir:** os seus reflexos veranse reducidos e tamén a súa habilidade para sortear imprevistos. Tampouco deixe que outros conduzan nesta situación.
- **Valore outros factores:** teña en conta tamén outras circunstancias que afectan á condución, como pode ser o consumo de certos medicamentos, o cansazo ou a falta de atención.
- **Manteña o eScooter en bo estado de funcionamento** e o seu propio estado de forma para conducir. É responsabilidade dun mesmo a inspección e o mantemento do eScooter antes de conducir, seguindo as instrucións detalladas neste manual. Un mantemento inadecuado ou nulo pode supor un factor de risco.

⚠ ATENCIÓN

O eScooter NON está preparado para ir pola autovía/autoestrada de xeito continuo, aínda que podería ir en momentos puntuais. O eScooter está deseñado para circular a unha velocidade constante de 85 km/h sen provocar o sobrequecemento de ningún elemento crítico. Se o eScooter se usa en modo Sport sen interrupcións, o pack de baterías ou Battery Pack (BP) poderían chegar a sobrequecense; por este motivo o eScooter incorpora un sistema que optimiza o consumo e a potencia do vehículo para modificar prestacións sobre a marcha e evitar este tipo de situacións.

Roupa e elementos de protección




Fig. 3 Recomendacións de roupa e protección

- A** Use sempre casco. Tamén un protector facial (pantalla ou lentes)
- B** A roupa debe axustarse perfectamente ao corpo
- C** Use roupa de cores vivas ou reflectoras
- D** Use luvas

- E** O calzado debe ser á súa medida, ter tacón baixo e protexer os nocellos

Para a súa seguridade e a do pasaxeiro, recomendamos o uso de roupa de protección adecuada para a circulación en moto. Se ben a protección que brindan pode non ser total, reducirán considerablemente as probabilidades de sufrir lesións e a gravidade das súas consecuencias. Déixese asesorar

por especialistas para escoller as que mellor se adapten a vostede.

- **Use sempre casco:** O uso correcto do casco é básico e obrigatorio, tanto para o condutor como para o pasaxeiro. Este debe estar homologado, en bo estado e correctamente abrochado. Reduce o número de lesións na cabeza e a súa gravidade. Recómendase o uso de cascos integrais (que cobren completamente a cabeza) fronte a cascos abertos (jet ou tres cuartos), de cores claras, brillantes ou con bandas reflectoras, lixeiros e que sexan da talla axeitada.

- **Use protección para os ollos:** Use sempre protección ocular, xa sexa a propia pantalla do casco ou lentes adecuadas.

- **Outras prendas:** Use botas ríxidas e luvas de coiro para protexer pés, nocellos e mans fronte a abrasións, cortes e contusións. Use traxe ou chaqueta e pantalón específicos para uso en moto. Estes deberán axustarse ao corpo e ser da talla axeitada. É recomendable que teñan bandas reflectoras.

Estas recomendacións tamén son de aplicación ao pasaxeiro, se fose o caso.

Carga

O eScooter está deseñado para circular con seguridade sempre que se respecte a súa capacidade de carga máxima e a súa distribución sexa a axeitada. Non o facer pode comprometer a estabilidade, así como a freada e a maniobrabilidade.

A masa máxima do eScooter non deberá superar os 320 kg, incluíndo o propio vehículo con batería e accesorios, o condutor e o pasaxeiro (se fose o caso) e a carga. A distribución nos dous eixos debe ser equilibrada.

Teña en conta que o peso dos accesorios instalados reducirá a masa da carga máxima que o eScooter poderá levar.

⚠ ATENCIÓN

- Reparta a carga uniformemente no eScooter e procure que estea o máis próxima posible ao centro desta.
- Comprobe que a carga está ben amarrada, evitando transportar obxectos soltos.
- Revise sempre o inchado correcto das rodas e axuste a suspensión traseira de xeito que se adecúe á carga en cada caso »» páxina 12, Pneumáticos. Para axustar con seguridade a suspensión traseira, acuda ao seu concesionario oficial ou a un taller especializado.

Accesorios e modificacións

Recomendamos unicamente o uso de accesorios SEAT, posto que foron deseñados e probados para garantir o seu correcto funcionamento con este modelo de eScooter.

En caso de usar outros accesorios ou facer modificacións, deberá responsabilizarse da súa correcta instalación e de seleccionalos de maneira que:

- Non reduza o ángulo de xiro do guiador nin interfira no manexo de ningún dos controis.
- Non reduza o ángulo de inclinación lateral nin a distancia ao chan.
- Non interfira na visibilidade nin na proxección de ningunha luz.
- Non afecte os compoñentes eléctricos nin electrónicos do eScooter.
- Cumpra coa normativa legal.

Comprobacións antes de iniciar a marcha

Nivel de carga

Mire o nivel de carga da batería na pantalla LCD. Se o nivel é insuficiente, é recomendable recargar as baterías antes do uso do eScooter.

Luces e intermitentes

Substitúa as pezas se non funcionan ou se danaron antes de conducir.

Cando os indicadores do velocímetro non funcionan correctamente, escintilarán máis rápido indicando que hai algún problema.

Soportes

Asegúrese de que o soporte lateral e o soporte central estean retraídos.

O soporte lateral conta cun sensor que evita que o eScooter poida rodar co mesmo despregado; o central non.

Pneumáticos

Comprobe sempre que os pneumáticos non estean perforados, nin presenten roturas, gretas e que a banda de rodaxe non estea

gastada. Nunca conduza con pneumáticos gastados ou defectuosos. Consulte o apartado » » páxina 44, **Especificacións técnicas** para coñecer as presións correctas de inflado dos pneumáticos do eScooter.

Conducir cunha presión incorrecta dos pneumáticos pode danalos e provocar un accidente, así como acurtar a súa vida útil.

Pneumático traseiro

É moi importante respectar o nivel de presión do pneumático traseiro (2,5 bares) debido a que o motor se sitúa no interior da roda traseira.

Hai que ter en conta que o eScooter leva máis peso suspendido na roda traseira que os scooters convencionais (que non levan motor na roda), polo que se pode ver afectada a pina ou o motor ao pasar bordos, buratos ou lombas a mesma velocidade que cun scooter convencional.

⚠ CUIDADO

Se pasa a velocidades elevadas por bordos, buratos ou lombas podería danar a pina e/ou o motor do eScooter.

Espeillos retrovisores

Antes de conducir, asegúrese de que ambos os dous espellos estean axustados de forma axeitada ao usuario actual do eScooter.

Freos

Líquido de freos




Fig. 4 Líquido de freos

Os depósitos do líquido de freos están situados na parte superior do guidador, un a cada lado. Comprobe o seu nivel co eScooter sobre as 2 rodas, sen soportes e nun sitio plano.

O líquido de freos non debe estar por debaixo da marca MIN do depósito » » **Fig. 4.** O aire pode entrar no depósito se este está baleiro, o cal podería causar problemas no sistema de freos do eScooter e comprometer a seguridade ao circular.

O nivel debe comprobarse sempre e o líquido debe cambiarse cada 2 anos. Se é insuficiente, engada líquido de freos.

Freo dianteiro

As pastillas de freo teñen fendas de seguridade.

Se as fendas do material de fricción son visibles, consulte o seu punto de venda para proceder ao cambio.

Freo traseiro

Cando o grosor das pastillas de freo traseiras teña menos de 1 mm de grosor, perden eficacia. Consulte ao seu punto de venda para proceder a súa substitución. Use líquido de freos DOT4 (nunca mesture líquido usado con novo).

⚠ ATENCIÓN

- Se o líquido de freos entra en contacto coa pel, débese lavar inmediatamente con auga.
- Se o líquido de freos entra en contacto cos ollos, débese lavar con auga e buscar atención médica rapidamente.

ⓘ COIDADO

O líquido de freos pode danar a pintura do eScooter e as pezas de plástico en caso de derrame accidental. O líquido de freos pode causar danos e lesións se non se manipula correctamente e con seguridade.

Panca de freo



Fig. 5 Panca de freo

Asegúrese de que o sistema de freada funciona correctamente:

- Aperte a panca de freo esquerda e dereita ao mesmo tempo para percibir se ambos os dous presentan resistencia á presión.

ⓘ COIDADO

Se atopa un xogo excesivo na panca do freo, pero as pastillas aínda están en bo estado, diríxase ao Servizo oficial de SEAT o antes posible para que o revisen.

Regulación da panca de freo




Fig. 6 Panca de freo

A posición das pancas de freo esquerda e dereita pódense regular para un maior confort do condutor. Trátase dun regulador situado na propia panca do freo.

- Xirando o regulador cara adiante ou cara atrás, conséguese achegar ou atrasar a posición da panca do freo.

ⓘ Aviso

A regulación da panca de freo só afecta á posición da panca e non ten ningún efecto sobre a forza ou o alcance da freada.

Emerxencias

Autoaxuda

Medidas de primeiros auxilios

En caso de rotura da batería, fume ou incendio, evacúe o persoal da zona contaminada e ofrezca a máxima ventilación para eliminar os gases. En calquera caso, busque atención médica.

- **Contacto cos ollos:** Lavar con abundante auga (pálpebras abertas) durante polo menos 10 minutos.
- **Contacto coa pel:** Retire toda a roupa contaminada e lave a zona afectada con abundante auga e xabón durante polo menos 15 minutos. Non aplicar graxas nin pomadas.
- **Inhalación:** Leve ao aire fresco e ventile a zona contaminada. Administre osíxeno ou respiración artificial se fose necesario.

Medidas contra incendios

Medios de extinción:

- **Pódese usar:** Extintores Tipo D, CO₂, químico seco.

- **Riscos específicos:** o requeentamento das celas debido a unha fonte externa ou por uso indebido.

Fusibles

Cambiar un fusible

A caixa de fusibles está situada baixo unha tapa protectora, no interior do compartimento do asento »» **páxina 28.**

Distinción mediante cores dos fusibles

Cor	Intensidade da corrente en amperes
Negro	1
Gris	2
Laranxa	5

O eScooter dispón de 4 fusibles:

Nº	Consumidor	Amperes
1	Porto USB	1
2	Alimentación de 12V	5
3	Alimentación rede de abordó	2
4	Controlador	2

Operación

Iniciar a marcha

Pasos a seguir




Fig.7 Iniciar a marcha

- Introduza a chave no cláusor do eScooter.
- Prema e xire a tecla cara á dereita ata a posición de acendido ①.

• Aperte simultaneamente a panca esquerda do freo ② e o botón **MODE** ③ ata que soe un sinal acústico e apareza **READY** na pantalla do cadro de instrumentos. Seguidamente iluminarase o indicador luminoso **D** na parte inferior do cadro de instrumentos.

Xa pode iniciar a marcha accionando o puño do acelerador.

⚠ ATENCIÓN

O inicio da marcha só será posible cando o eScooter estea parado.

Instrumentos e indicadores de control

Cadro de instrumentos




Fig. 8 Cadro de instrumentos

O cadro de instrumentos permite coñecer toda a información relativa ao eScooter necesaria para a súa condución

Este dispón de:

- ① Pantalla LCD »» páxina 18
- ② Botóns "SET" e "INFO" »» páxina 20
- ③ Indicadores luminosos »» páxina 21

As súas funcionalidades explícanse a continuación.

Operación do cadro de instrumentos

Pantalla LCD




Fig. 9 Pantalla LCD

① Indicador de corrente

Ademais, indícase se a corrente está saíndo da batería (ao ser consumida) ou entrando (ao ser rexenerada mediante o freo motor, ou cargando).

② Indicador de carga

A pantalla amosa o estado de carga da batería ou SoC (State of Charge, en inglés). Este é un valor porcentual, polo que cando a batería está descargada marcará 0 %

e cando estea completamente cargada marcará 100 %.

③ Modo de condución

Amosa o modo de condución activo actualmente (ECO, CITY ou SPORT).

④ Conexión Bluetooth

Esta icona indica o emparellamento entre o smartphone do condutor e a central ECU do eScooter. Escintila cando se está a producir o proceso de emparellamento e permanece fixo de xeito indefinido cando este se completou. Cando o usuario desconecta o seu smartphone, deixa de estar activo.

⑤ Autonomía restante estimada

Amosa a información da autonomía restante, en quilómetros ou millas. Este dato é aproximado e depende do modo de condución e da descarga que se está a producir actualmente.

⑥ Servizo

Cando sexa necesario realizar unha revisión periódica ao eScooter (segundo kilometraje), aparecerá automaticamente a icona da chave inglesa .

Unha vez realizada a revisión, o servizo autorizado desactivará a icona e non volverá aparecer ata que se percorran os quilómetros necesarios para ter que volver pasar unha nova revisión.

A icona é un recordatorio e en ningún caso a eliminación certifica que pasou a revisión.

Ademais da condición de quilometraxe, deberá pasar mínimo unha revisión anual se non se percorreron os quilómetros necesarios nun ano como para que se active o sinal da chave.

Lea a sección de mantemento para obter máis información »» **páxina 38**.

⑦ Temperatura ambiente

Indica a temperatura ambiente (en graos Celsius ou Fahrenheit, segundo selección). Indica temperaturas positivas e negativas.

⑧ Hora actual

Indica a hora actual (datos da batería). Pódese amosar tanto en modo 12 horas como modo 24 horas.

⑨ Indicador de velocidade

Indica a velocidade actual do eScooter. Pódese ler en quilómetros por hora ou en millas por hora.

⑩ Contaquilómetros e indicador de temperatura

Premendo sobre o botón INFO vaise cambiando a información amosada: hodómetro, temperaturas, contaquilómetros parcial 1, contaquilómetros parcial 2:

Hodómetro (contaquilómetros)



Fig. 10 Hodómetro

Indica o total de quilómetros/millas percorridos.

TEMP




Fig. 11 Temperaturas

Indica as temperaturas de varios compoñentes, en graos Celsius ou Fahrenheit.

Mantendo premido o botón INFO cambiaremos entre:

- TEMP BAT: temperatura do pack de baterías (Battery Pack).
- TEMP ENG: temperatura do motor (Engine).
- TEMP INV: temperatura do controlador.

TRIP1




Fig. 12 Contaquilómetros parcial 1

Contaquilómetros parcial 1: Indica os quilómetros/millas percorridos tralo reinicio deste. Mantendo premido o botón INFO cambiaremos entre:

- KM/MI: quilómetros/millas percorridos.
- AVG: velocidade media á que se percorron eses quilómetros/millas (en km/h - mi/h).

TRIP2




Fig. 13 Contaquilómetros parcial 2

Exactamente igual que no TRIP1.

Botóns “SET”/“INFO”



Fig. 14 Botóns do cadro de instrumentos

Os botóns do cadro **de** instrumentos son **INFO** (coas mesmas funcións que o botón do lado dereito do guiador »» páxina 24) e **SET**:

As súas funcionalidades son as seguintes:

Navegación entre paneis

- Prema **INFO** (pulsación simple): pasaremos polas seguintes pantallas con cada pulsación, nesta orde: ODO, TEMP, TRIP1, TRIP2.

Cambio de vista KMS parciais/velocidade media (AVG)

- En **TRIP1** ou **TRIP2**, prema **INFO** (pulsación prolongada).

Reiniciar KMS parciais

- En **TRIP1** ou **TRIP2**, prema **SET** (pulsación simple). Os quilómetros poranse a cero.

Cambio de vista de temperaturas

- En **TEMP**, prema **INFO** (pulsación prolongada): pasa polas pantallas TEMP BAT, TEMP ENG e TEMP INV.

Cambiar a hora

- Prema **SET** (pulsación prolongada): accédese ao modo de cambio de hora.
- Prema **SET** (pulsación simple): cambia entre horas, minutos e modo horario (escintilarán).
- Coa hora escintilante, prema **INFO** (pulsación simple) para incrementar unha unidade por pulsación. Prema **INFO** (pulsación prolongada) para aumentar rapidamente a hora.
- Cos minutos escintilando, prema **INFO** (pulsación simple) para incrementar unha unidade por pulsación. Prema **INFO** (pulsación prolongada) para aumentar rapidamente os minutos.
- Co modo de hora escintilante, prema **INFO** (pulsación simple) para cambiar entre AM, PM e modo 24 horas.
- Prema **SET** (pulsación prolongada) para axustar a hora e saír do modo de cambio de hora.

Cambiar sistemas de unidades

- Prema **SET** (pulsación durante o acendido do eScooter): pasa das unidades do sistema métrico (°C, km/h, km) ás do sistema anglosaxón (°F, mph, mi) e viceversa.

Indicadores luminosos



Fig. 15 Cadro de instrumentos

Indicadores luminosos

	Indicador de intermitente esquerdo.
	Indicador de luces de longo alcance ["longas" ou "de estrada"].
	Indicador de luces de curto alcance ["curtas" ou "de cruzamento"].
	Indicador OBD. Acéndese cando se produce unha incidencia. Se desaparece, reiniciando 3 veces o eScooter o indicador debe apagarse.
	Indicador de marcha atrás.
	Indicador de marcha. Só se acende cando o eScooter realizou todos os checks pertinentes e está listo para circular.
	Indicador do soporte lateral. Acéndese cando este está despregado, situación na que a marcha non está permitida [desconexión automática de seguridade].

Indicadores luminosos



Indicador de temperatura. Acéndese de xeito intermitentemente cando algún compoñente se achega ao límite (superior ou inferior) admisible. Faino dun xeito fixo cando o supera.

Motor: 100 °C (intermitente), 110 °C (fixo).

Controlador: 70 °C (intermitente), 75 °C (fixo).

Batería: 50 °C (intermitente), 60 °C (fixo)/5 °C (intermitente), -10 °C (fixo)



Indicador de carga. Fixo cando está conectado á rede eléctrica.



Indicador de intermitente dereito

Controis e manexo do eScooter

Controis do lado esquerdo do guiador

Selector de luz de estrada/refacho




Fig. 16 Selector de luces

- **Posición ①:** refachos (ao premer abaixo, volve só á posición de repouso). Permite activar as luces de longo alcance mentres está premido, como sinal de aviso a outros usuarios da vía.
- **Posición ②:** luz de estrada/longo alcance (o interruptor mantense na posición ②). Para que a luz de estrada se acenda, débese premer o interruptor na parte superior.

En calquera caso, mentres as luces longas estean acendidas, o indicador luminoso

azul  permanecerá acendido no cadro de instrumentos:

Selector intermitentes

- Para acender os intermitentes, deslice o interruptor cara á dereita para sinalizar un xiro á dereita e cara á esquerda para sinalizar un xiro á esquerda.

- Prema o botón **branco** central para restablecer a posición do interruptor e apaga os intermitentes.

Bucina

Prema o botón co símbolo de bucina, para facer que soe.

Interruptor marcha atrás




Fig. 17 Botón de marcha atrás

O eScooter dispón de marcha atrás. Para usar esta función, prema o botón sinalado na imaxe que se atopa detrás da panca do freo esquerdo  Fig. 17 (frecha) e, sen deixar de premelo, acelere suavemente. Acenderase o indicador R no cadro de instrumentos e escoitarase un son intermitente.

ATENCIÓN

Teña coidado, especialmente a primeira vez que empregue a marcha atrás.

- Esta operación axuda a manobrar ao aparcар ou ao saír dun aparcadoiro marcha atrás.

Controis do lado dereito do guiador




Fig. 18 Lado dereito do guiador

Acelerador

- Para acelerar, xire o mando do acelerador cara abaixo.
- Para volver á posición neutra, solte o acelerador.

Selector de luz de cruzamento/warning

- Para **acender a luz de cruzamento**, prema o selector á **posición ①** (ao premar abaixo, volve só á posición de repouso). Sempre que estas estean acendidas, o indicador luminoso **verde**  do cadro de instrumentos fará o mesmo.

- Para **acender as luces de emerxencia (warnings)**, prema o selector á **posición ②** (o botón volve a posición de repouso). Acende e apaga os intermitentes de ámbolos lados ao mesmo tempo.

Existe a posibilidade de acender os warnings e deixalos funcionando coa chave fóra do eScooter. Para iso, hainos que acender coa chave posta e retirala. Unha vez apagados, non se poderán volver acender se non pon a chave novamente.

Botón INFO **A**

Este botón é un duplicado do botón **INFO** do cadro de instrumentos e ten a mesma funcionalidade (ver apartado »» **páxina 17, Cadro de instrumentos**).

Botón MODE **B**

Selector de modos: o eScooter dispón de tres modos distintos de condución, seleccionables mediante o botón **MODE**.

Estes son:

ECO “E”	Permite unha condución máis relaxada, onde a velocidade e a aceleración están limitadas. Todo isto permite unha maior autonomía ao eScooter. Dispón de freo rexenerativo total.
CITY “C”	O eScooter está deseñado para funcionar normalmente en modo CITY “C”, o que lle proporciona un bo rendemento e un consumo máis equilibrado. Este é o modo predeterminado no que se acende o eScooter. Dispón de freo rexenerativo limitado.
SPORT “S”	Este modo de condución permite dispor dunha maior potencia e velocidade en situacións puntuais. O uso frecuente do modo SPORT diminúe a autonomía do eScooter (rango de km totais cunha carga), debido a un maior consumo de enerxía e pode chegar a aumentar en exceso a temperatura do motor/batería, o que provocaría a baixada de rendemento ou desconexión do eScooter. Dispón de freo rexenerativo total.

As velocidades máximas segundo os modos son:

Velocidade máxima (km/h)	
ECO	64
CITY	80
SPORT	95

O modo SPORT estará dispoñible sempre que se cumpran as seguintes condicións:

Nivel de carga da batería (SoC): > 20 %

- Temperatura batería: < 45 °C
- Temperatura motor: < 105 °C
- Temperatura inversor: < 70 °C

O modo actual indícarase na pantalla do cuadro de instrumentos »» **páxina 18**. Unha soa pulsación cambiará entre os modos ECO, CITY ou SPORT, seguindo a seguinte secuencia: C-S-C-E-C-S-C-...

Durante a transición entre un modo e outro, o nome do modo seguinte amosarase intermitente na pantalla durante uns segundos e activarase quedando fixo. Deste xeito poderemos saltar 3 modos sen ter que activar o modo inmediatamente seguinte na secuencia.

Aviso

Podemos ir directamente de SPORT a CITY, pero para pasar de calquera modo a ECO deberemos circular a unha velocidade inferior a 55 km/h. Por motivos de seguridade, a potencia verase limitada en calquera dos seguintes casos:

- Temperatura batería: $\geq 45\text{ }^{\circ}\text{C}$
- Temperatura motor: $\geq 110\text{ }^{\circ}\text{C}$
- Temperatura inversor: $\geq 70\text{ }^{\circ}\text{C}$

Aviso

Se a batería supera os 60 °C, o eScooter irá reducindo a marcha gradualmente ata a súa completa detención (antes de chegar a esta situación a redución de potencia será gradual).

Freo combinado e freo rexenerativo



Fig. 19 Panca de freo

O eScooter está equipado cun sistema de freos combinado que funciona do seguinte xeito:

O freo dereito frea a roda dianteira mecanicamente (mediante o freo de disco) e activa o freo rexenerativo (electronicamente) da roda traseira, mentres que o freo esquerdo frea mecanicamente tanto a roda dianteira como a traseira (aplicando forza nos dous discos, grazas a un distribuidor de freedad).

En canto ao freo rexenerativo, este dispón dun percorrido propio na panca de freo dereita, o que permite o seu uso sen chegar a activar o freo mecánico (disco dianteiro). Despois actúan ámbolos freos á vez. Frear con freo rexenerativo axuda á freedad e mantén a carga da batería.

Como frear co freo rexenerativo:

- Durante o primeiro tramo do percorrido da panca do freo dianteiro (dereito) »» Fig. 19 (A), actívase o freo rexenerativo. Este sistema frea electronicamente a roda traseira e rexenera enerxía á batería
- Se continúa premendo a panca do freo »» Fig. 19 (B) activarase, ademais, o freo mecánico da roda dianteira. A maior presión aumentará a potencia da freada mecánica.

O freo rexenerativo aplicado depende do modo de condución seleccionado (ver »» páxina 24, Botón MODE).

Cláusor




Fig. 20 Pechadura de acendido

Posicións do selector:

Bloqueo da dirección

- Xire o guiador cara á esquerda ata o tope.
- Introduza a chave, prema cara dentro e xírea cara á esquerda.

Agora todas as funcións están desactivadas e o eScooter ten un movemento moi limitado.

Apertura do asento

- Xire a chave cara á esquerda (sen premer cara dentro). O peche do asento desbloquearase.
- Tamén se pode abrir o asento premendo as dúas pancas de freo, co soporte lateral despregado.

Para pechar o asento, empúxeo pola parte traseira ata escoitar o clic do peche.

Apagado/desbloqueo da dirección

Todas as funcións están desactivadas, o bloqueo da dirección non actúa (o eScooter pode moverse). É posible traballar no eScooter sen risco.

Acendido

Todas as funcións están listas para o seu uso. Nesta posición, non se pode extraer a chave.

Luces e visibilidade

Luces




Fig. 21 Luces

Toda a iluminación do eScooter está baseada na tecnoloxía LED, incluídos os intermitentes, luces de posición, de freo, luces de cruzamento e longas. Non hai lámpadas que cambiar.

Os diferentes grupos ópticos son os seguintes:

A) Faro dianteiro

Inclúe luces longas, curtas e semiaros perimetrais de posición.

B) Luces de posición/intermitentes dianteiros

A cada lado do faro dianteiro atópase un conxunto LED que agrupa as funcións de luz de posición e de intermitencia.

C) Grupo óptico posterior

Na parte traseira do eScooter agrúpanse as luces de posición, freo e os intermitentes traseiros.

Asento

Apertura e peche asento



Fig. 22 Interior do asento

O asento do eScooter permite aloxar o condutor máis un pasaxeiro, e inclúe un amplo compartimento debaixo de si, cunha capacidade que permite gardar 2 cascos.

Compartimento baixo asento

Hai 2 formas de abrir o compartimento:

- **Coa chave:** introduza a chave no orificio do cláusor, xire cara á esquerda e logo tire cara arriba do asento (ver apartado »» páxina 26, Cláusor).
- **Manualmente:** free con ambas as dúas manetas á vez, co eScooter apagado e o soporte lateral posto (despregado).

Para bloquear o asento, haino que baixar e premer ata que encaixe na ancoraxe. Asegure este bloqueo antes de iniciar a marcha.

Interior do asento




Fig. 23 Interior do asento

Dentro do compartimento tamén se atopan os seguintes elementos:

- Pasador que libera a batería (A) »» páxina 33.
- Caixa fusibles (B) »» páxina 15
- Conector OBD (diagnose).

Soportes

Soporte lateral




Fig. 24 Soporte lateral

O soporte lateral está situado no lado esquerdo do eScooter. Para baixar o soporte, empurre cara abaixo a pata en forma de “U” que sobresae cara fóra do soporte.

O soporte lateral úsase cando o chan é demasiado inestable ou nunha posición lixeiramente inclinada como para usar o soporte central.

Aviso

O soporte lateral ten un sensor que evita que o eScooter poida circular se está despregado. Cando está despregado, acéndese o indicador luminoso  no cadro de instrumentos.

Soporte central




Fig. 25 Soporte central

O soporte central atópase debaixo do centro do eScooter. Este soporte mantén o eScooter en posición vertical.

Para baixar o soporte, hai que empurrar cara abaixo o brazo co pé, mentres empurra ou tira lentamente do eScooter cara arriba e cara atrás.

O soporte central úsase cando o chan é estable ou plano e durante un longo aparcamento ou servizo.

Motor

Motor (roda traseira)



Fig. 26 Motor (roda traseira)

O eScooter alberga, na súa roda traseira, un motor 100 % eléctrico con tecnoloxía Brushless (HUB), transmisión directa e refraxe-ración por aire.

A súa potencia nominal é de 7.000 W (homologación L3e) e acada unha velocidade máxima de 95 km/h.

Batería

Pack de baterías

Introdución



Fig. 27 Bateria extraíble

O eScooter dispón dun innovador pack de baterías extraíbles con mango e rodas para poder ser transportado a modo de trolley. Deste xeito, pódese cargar tanto no propio eScooter como onde queira, levándoo a unha toma de corrente.

Este pack de baterías, ademais, pode ser intercambiado entre motocicletas e mesmo ser usado para dar vida a moitos máis dispositivos.

Instrucións de seguridade



Fig. 28 Sinais de advertencia

A batería pode ser **MOI PERIGOSA** cando está fóra do eScooter.

Hai que transportar a batería consonte as leis aplicables.

Para evitar lesións, queimaduras ou descargas eléctricas:

- Nunca desmonte **a unidade de** batería nin quite as súas tapas. Cómpre que só o faga o persoal autorizado.
- Manteña os nenos afastados desta parte do eScooter.
- Non perfore nin golpee esta zona ao usar elevadores, nin os expoña a lapas, nin incinere, nin expoña a líquidos, xa que ao crear un exceso de calor pode xerar lume e pode ser moi perigoso.

Persoal autorizado cualificado

Asegúrese de ler o manual de taller antes de reparar ou substituír a batería.

⚠ ATENCIÓN

- A batería debe ser transportada sobre as súas rodas, a unha velocidade lenta (máx. 3 km/h), máis vagaroso que a velocidade que acadada unha persoa media cando anda.
- Débese evitar calquera maltrato da batería, como poden ser golpes, saltos, paso por pavimentacións, chanzos ou buratos ou caídas (por exemplo, polas escaleiras), pois iso pode implicar o incendio da mesma. Tamén se debe evitar o contacto coa auga.
- Se hai algún indicio ou sospeita de que o Battery Pack fose mal usado ou caese, este non deberá ser conectado e deberase chamar a un Servizo Oficial ou taller especializado.

- Un incendio desta batería pode ser sufocado con auga ou CO₂, a menos que estea conectada á rede eléctrica ou preto doutras baterías. Perante esta eventualidade, deberá usarse un extintor de CO₂ para poder aminorar o incendio e poder levala a unha zona segura illada (a unha distancia de polo menos 15 m de calquera exposición: outros vehículos, outras baterías ...). Unha vez en zona segura, chame aos servizos de emerxencias para que se fagan cargo da situación.

⚠ ATENCIÓN

Nunca abra a caixa da batería. Pode ser moi perigoso e invalida completamente a garantía. Só o persoal autorizado debe actuar sobre a caixa da batería.

⚠ ATENCIÓN

No caso de que comece a saír fume da batería, é fundamental chamar con urxencia aos bombeiros e retirala do espazo pechado no que se atopa.

- O eScooter non pode explotar, así que non hai problema no transporte ata unha localización segura.

🌿 Nota sobre o ambiente

Consulte a un Concesionario Oficial ou acuda ao seu Servizo Técnico antes de substituír e desbotar a batería.

Componentes do Battery Pack

O pack de baterías extraíble, ademais dos seus sistemas internos básicos, integra os seguintes elementos:

Sistema extracción tipo Trolley

Este sistema consta dun mango extensible, dúas rodas e un soporte (para usar en superficies planas horizontais). Para coñecer o funcionamento da operativa de extracción do eScooter, consulte o apartado »» páxina 33, Extracción do Battery Pack.

Cargador interno




Fig. 29 Cargador interno

O cargador interno de 600 W permite cargar a batería tanto dende o eScooter como dende fóra da mesma en calquera caravilla para enchufe convencional mediante un cable de alimentación Schuko-IEC »» páxina 34, Conectando a unidade de carga.

Aro luminoso




Fig. 30 Aro luminoso

Para coñecer o estado de carga da batería, independentemente de que esta estea no eScooter ou fóra, existe nun lateral da mesma un aro luminoso LED.

Se golpea lixeiramente o interior do aro, amosarase a seguinte información:

- **Non en carga:** ao tocar o centro do aro, este amosará un rastro móbil LARANXA e BRANCO. Logo indicárase momentaneamente a porcentaxe de carga restante, mediante unha porción fixa en LARANXA (ou todo o aro, no caso de estar ao 100 %). En caso de batería baixa, amosarase todo o aro en AMARELO.
- En **carga:** mentres a batería estea en carga, alternarase un rastro LARANXA móbil en todo o aro cunha porción fixa do mesmo, indicando a porcentaxe total cargada. Unha vez acadado o 100 %, o aro amosarase

na súa totalidade en cor LARANXA cun rastro BRANCO dando voltas mentres siga conectada.

No caso de estar o contacto do eScooter dado, o aro non se acenderá en ningunha situación.

Extracción do Battery Pack



Fig. 31 Extracción da batería

Para extraer o pack de baterías comodamente e en poucos segundos, siga os seguintes pasos **(co eScooter sobre o soporte central)**:

- Abra o asento coa chave ou apertando as 2 pancas de freo.
- Accione a panca.
- Extraia o Battery Pack.
- Transporte o Battery Pack.
- Conécteo en calquera enchufe.
- Unha vez cargada, desenchúfeala.
- Transporte e introduza o Battery Pack no eScooter.
- Asegúrese de que a batería está ben suxeita.

As rodas e o apoio do pack despréganse e préganse automaticamente ao sacalo e introducilo no eScooter, respectivamente.

Aínda así, é responsabilidade do usuario facelo lentamente e revisando que, ao sacar o pack, se despreguen correctamente as rodas e o apoio, e que ao introducilo queda correctamente ancorado (comprobación a realizar antes de comezar a circular).

⚠ ATENCIÓN

Non extraia, nin introduza o pack de baterías cando o eScooter estea cargando nin cando estea o contacto dado.

ⓘ COIDADADO

Non despegue a asa antes de tirar cara a fóra o pack. Despegue a asa cando a batería estea fóra do eScooter.

ⓘ Aviso

Cando a batería non faga un bo contacto co eScooter, aparecerá na pantalla do cadro de instrumentos a mensaxe:

BATT OUT

Cando se conecta correctamente, amósa-se a información habitual.

Conector




Fig. 32 Tapón para o conector

Sempre que o eScooter estea sen a batería, a parte do conector (Multicontact) que vai no eScooter debe cubrirse co tapón de goma deseñado para este fin. O obxectivo é protexelo mentres estea desconectado.

⚠ ATENCIÓN

Non poña o tapón protector cando o eScooter estea conectado á corrente, nin molle en ningún caso o conector (aínda que o tapón estea posto).

Conectando a unidade de carga



Fig. 33 Parte traseira do Battery Pack: toma de carga




Fig. 34 Lado dereito do eScooter: toma de carga

A batería pode cargarse tanto no propio eScooter como por separado.

En calquera caso, o eScooter e a batería constan dunha mesma caravilla IEC macho na que se conecta o cable de alimentación. Consiste nun terminal femia IEC e outro Schuko macho e adoita gardarse no oco de debaixo do asento.

A caravilla IEC femia atópase na parte traseira da batería »» Fig. 33 e no lateral dereito do eScooter »» Fig. 34. Para acceder ao conector hai que levantar a tapa de goma (frecha ①) e seguidamente a tapa de goma do propio conector (frecha ②).

O cargador (600 W) vai incorporado no propio pack de baterías, co que para cargar só será imprescindible a toma de corrente da rede e o cable de alimentación. Vai refrixerao por convección.

- **Para conectar**, deberá enchufarse primeiro o conector IEC (eScooter ou batería propia) e despois a rede. É importante realizar cargas completas polo menos despois de cargar parcialmente 3 ou 4 veces.
- **Para desconectar**, deberá desenchufarse primeiro a rede e logo o conector IEC. O proceso de carga pódese interromper en calquera momento. Por outra banda, o sistema de control detén a carga automaticamente cando chega ao 100 %.

Se a batería estivese por debaixo de 0 °C ou a máis de 50 °C (por un uso inadecuado), non se cargará.

⚠ ATENCIÓN

Debe realizarse unha carga completa cada 30 días para manter a garantía.

- **Para manter a garantía da súa batería, deberá realizar unha carga completa (ata o 100 %) polo menos unha vez ao mes. É moi importante que, se prevé que vai estar moito tempo sen uso, a deixe coa carga suficiente para que non baixe a niveis críticos. Unha batería que exceda certo límite inferior de voltaxe, perde autonomía para funcionar, o que implica que non pode ser cargada e precisa ser levada a un servizo técnico oficial ou taller especializado.**

ⓘ COIDADO

Antes de introducir ou extraer o pack de baterías, asegúrese de que o eScooter non estea cargando nin o contacto dado.

Temperatura

O eScooter conta cun sistema de control e estabilización de tensión e temperatura das celas. Para evitar situacións críticas, os sistemas de seguridade limitan o uso da batería se a temperatura da cela supera os límites de seguridade en caso de sobrequecemento.

- O rango de funcionamento da batería é entre -10 °C e 50 °C. Dependendo da temperatura, o rendemento das celas de litio pode ser variable.
- O cargador non carga a batería se a temperatura das celas é inferior a 0 °C ou superior a 50 °C.
- A temperatura actual da batería pode consultarse no display do eScooter. En caso de superarse algún dos límites (superior ou inferior, alerta ou fallo) indicárase mediante o seguinte led:



Indicador de temperatura

Acéndese de xeito intermitentemente cando algún compoñente se aproxima ao límite (superior ou inferior) admisible. Faino dun xeito fixo cando o supera.

Motor: 100 °C (intermitente), 110 °C (fixo).

Controlador: 70 °C (intermitente), 75 °C (fixo).

Batería: 50 °C (intermitente), 60 °C (fixo) / 5 °C (intermitente), -10 °C (fixo)

As accións a tomar segundo o caso son as seguintes:

- **Temperatura baixa:** Por debaixo dos 0 °C a batería non traballa en condicións óptimas, recomendámoslle usar o seu eScooter con temperaturas superiores a 0 °C.
- **Temperatura alta:** Debido a un uso extensivo, a batería non pode subministrar máis potencia. Evite o modo Sport e deteña o eScooter se fose necesario para arrefrialo.

Indicador de carga de batería en % (SoC)

Co fin de obter a lectura do estado de carga da batería (SoC, en %) coa máxima precisión, é necesario rematar o proceso de carga ata o 100 % (polo menos despois de 3 ou 4 cargas parciais).

Autonomía

Defínese como autonomía dun vehículo eléctrico a distancia que se pode percorrer cunha soa carga completa da batería.

Isto vén influenciada por moitos factores, como poden ser o estilo de condución, a carga do eScooter e a súa correcta distribución, a presión dos pneumáticos ou as condicións climáticas desfavorables, como o vento, que poden reducila.

No display amósase unha estimación dos quilómetros (ou millas) restantes de autonomía. Este dato é aproximado e depende do modo de condución e da descarga que se está a producir actualmente.

Vida útil do Power Battery Pack

Unha vez finalizado o ciclo de vida útil do pack de baterías do eScooter, poderá facer entrega do mesmo a un servizo SEAT autorizado para o seu correcto procesado, reducindo así o impacto ambiental do mesmo.

Informe ao seu servizo SEAT máis próximo para que proceda á súa recollida e posterior reciclaxe.

Especificacións da batería e do cargador

Especificacións da batería			
Capacidade nominal	5,6 kWh		
Química das celas	Celas ión-litio		
Peso	41 kg		
Altura despregada	870 mm		
Altura caixa	270 mm		
Ancho rodas	330 mm		
Profundidade caixa	440 mm		
Voltaxe nominal da batería	51 VDC		
Temperatura de almacenamento sen cargar	-20 a 80 °C máx.		
Temperatura de operación	0 °C a 50 °C (carga) -10 °C a 60 °C (descarga)		
Material carcasa	Aluminio e policarbonato PC		
Corrente máxima de carga	35A		
Corrente máxima de descarga	250A		
Tipo de cargador	Onboard 90-240 VAC; 600 W		
Tempo de carga estándar	6-8h		
Modos	Eco	City	Sport
Distancia máxima de uso	137 km	104 km	82 km




Fig. 35 Dimensións batería

Mantemento

Programa de mantemento

Traballos a realizar

Como en calquera outro vehículo que circule pola vía pública, é necesario un mantemento regular e a inspección previa a cada uso.

Só deste xeito pódese garantir a seguridade, tanto do condutor como do resto de usuarios da vía, ao mesmo tempo que se asegura unha óptima experiencia co eScooter.

Cando realice traballos de mantemento, diríxase a un Servizo Oficial SEAT ou a un taller especializado, pois son quen mellor coñecen o eScooter e quen dispón das ferramentas específicas para a súa correcta diagnose e reparación.

De tódolos xeitos, hai comprobacións que vostede mesmo pode (e debe) facer tales como revisar a presión dos pneumáticos, o nivel do líquido de freos, etc.

⚠ ATENCIÓN

- Estas instrucións elaboráronse supoñendo que o uso do eScooter é exclusivamente nunha contorna urbana. Se se usa para un fin distinto para o cal foi fabricado ou se usa continuamente a alta velocidade ou en condicións excesivas de humidade e po, será necesario realizar inspeccións con maior frecuencia da indicada.
- Se o eScooter está involucrado nun accidente, solicite a un Servizo Oficial SEAT ou a un taller especializado unha inspección dos compoñentes principais.
- Non realizar o mantemento adecuado, non seguir as instrucións correctamente ou non solucionar un problema antes de comezar a marcha podería provocar un accidente grave. Siga sempre este programa e os consellos do seu distribuidor SEAT.
- Pode que haxa operacións básicas que poida realizar vostede mesmo (as comparadas cunha moto de combustión, como por exemplo o cambio de pastillas de freo). Só vostede pode decidir se está cualificado e, polo tanto, se debe ou non realizar unha tarefa persoalmente.

- Lea sempre as instrucións antes de comezar e asegúrese de ter todos os materiais necesarios e as ideas claras.
- Use o soporte central para operacións, sempre sobre unha superficie horizontal, plana e dura.
- Realice sempre operacións co eScooter apagado e as chaves quitadas (a menos que o indiquen as instrucións), co fin de evitar o acendido por descoido e ter un accidente co motor en movemento.
- Teña coidado coas pezas quentes, especialmente cos discos de freo xusto despois de rodar co eScooter. Déixelas arrefriar primeiro.

Operacións e periodicidade

Zona	Que facer	Período
Pezas pintadas	Limpe con restaurador de brillo.	Cada mes
Pezas de goma	Limpe con produtos especiais protectores da goma.	Cada mes
Pezas de aluminio	Limpe con spray protector para evitar a oxidación. Retire con coidado os puntos de oxidación do aluminio con la de aceiro apropiada e con xabón.	Cada semana
Pezas metálicas	Use aceite para limpar e engraxar as pezas metálicas.	Cada mes
Asento	Limpe cunha esponxa suave para quitar insectos e sucidade.	Cada día de uso
Panel de instrumentos	Limpe a sucidade endurecida cunha esponxa suave.	Depende da sucidade
Pneumáticos	Asegúrese de que a presión sexa a indicada no apartado »» páxina 44, Especificacións técnicas	Cada semana
Luces	Limpe a sucidade endurecida cunha esponxa suave.	Depende da sucidade
Pantalla	Limpe cunha esponxa suave para quitar insectos ou sucidade.	Cada día de uso

Conservación do eScooter

Limpeza e almacenamento (guía para gardar o eScooter)

Limpeza

Limpe o eScooter tal e como se indica nos apartados anteriores. Ao igual que con calquera vehículo, é importante que se lave con regularidade para mantelo en bo estado.

É responsabilidade do usuario protexer axeitadamente o eScooter dos contaminantes atmosféricos agresivos e dos efectos do sal na estrada.

⚠ CUIDADO

- Non limpe a batería con moita auga ou un limpador de alta presión.
- Nunca use deterxentes agresivos no eScooter.
- Trate de atopar produtos de limpeza suaves para o eScooter e que respecten o ambiente.

- Cando seque o eScooter, use sempre un pano limpo. Os panos sucios poden causar riscos nas superficies lisas e brillantes e os panos limpos reducirán estes danos.
- Non empregue nunca panos duros nin esponxas.

Almacenamento

Se pensa deixar o eScooter parado por moito tempo, lea e siga estes procedementos:

- Limpe o eScooter e deixe que seque **completamente** antes de gardalo. Os restos de auga poderían dar lugar a problemas de contacto nos compoñentes electrónicos.
- Coloque o eScooter sobre o soporte **central**.
- Comprobe o eScooter por se houbo algún problema.
- Unha **funda** protexerá o eScooter dos elementos danos e supón un bo investimento.
- Poña algunha **protección** no chan para protexer ante posibles perdas e para evitar avarías.

Garantía

Entrega ao comprador

VIN (número de identificación do eScooter)	
Nome completo	Data de entrega
Rúa	
Cidade	
Código postal	Número de Distribuidor
País	
Teléfono / Móbil	
e-mail	

Fig. 36 Documentación importante

Este documento é a base para a tramitación das solicitudes de garantía.

Aviso

As solicitudes de garantía non se poden procesar se os documentos non se completaron ou están incompletos.

Condicions de garantía (motivos polos que se perde de non ser cumpridos)

O eScooter ten unha garantía de 2 anos contados dende a data de entrega e recepción, contra todo defecto de deseño e fabricación.

Non está incluído na garantía o desgaste natural por uso das pezas de desgaste, como pneumáticos, discos de freo, pastillas de freo. O fabricante e o taller designado decidirán que pezas defectuosas se substituirán ou repararán.

NON existe dereito a garantía se:

- A avaría está relacionada cun mantemento ou reparación efectuada fóra da rede de servizos Oficiais SEAT.
- O eScooter foi modificado ou cambiado en calquera forma ou provisto de pezas que non forman parte dos equipos do vehículo que están certificados expresamente polo fabricante, sempre que a avaría teña relación coa devandita modificación.
- O eScooter foi utilizado nunha competición deportiva.
- O uso, mantemento e instrucións de servizo establecidas neste manual non foron respectadas.

ATENCIÓN

- **Uso Habitual:** Como mínimo unha vez por semana e funcionando polo menos 10 horas.
- **Sen Uso Habitual:** Debe deixar o eScooter completamente cargado antes de deixalo estacionado por un período de tempo superior a 1 semana.

Debe realizarse unha carga completa cada 30 días para manter a garantía.

Os acordos que difiran das condicións de garantía anteriores deberán ser confirmados por escrito polo fabricante.

Traballos de inspección

eScooter e batería

O eScooter deberá pasar unha serie de revisións periódicas, segundo a súa quilometraxe ou como mínimo unha vez ao ano (se non se percorren os quilómetros necesarios para pasar unha nova revisión no prazo de un ano).

O mesmo acontece de xeito análogo cos packs de baterías, que terán os seus propios puntos para ser inspeccionados. Para as baterías adquiridas xunto co eScooter, a periodicidade das revisións será a mesma que a do eScooter, tendo que pasar ambas as revisións ao mesmo tempo.

A quilometraxe estipulada para pasar as revisións **tanto do eScooter como da batería** indícase automaticamente no display do eScooter (en pantalla amosarase o símbolo da chave inglesa  para indicar que se acadaron os quilómetros necesarios para pasar a revisión) e é o seguinte:

- primeira revisión aos 1.500 km ou 3 meses,
- segunda revisión aos 5.000 km,
- terceira aos 10.000 km
- e as seguintes de 5.000 en 5.000 km.

As inspeccións do **eScooter** débense realizar non máis tarde de 1 ano despois da última inspección (**mínimo unha por ano**).

A información de que revisar detállase nos correspondentes manuais/plans de mantemento, tanto de eScooter como de batería.

Datos técnicos

Identificación do eScooter

Número VIN




Fig. 37 Número VIN

O VIN é un código alfanumérico de 17 díxitos que identifica o eScooter. O estándar para o VIN está determinado polas leis ISO. **O número VIN é necesario para pedir pezas de reposto.**

O VIN está gravado directamente no bastidor, na barra de sección cadrada traseira do lado dereito » Fig. 37.

Etiqueta informativa - placa de produción




Fig. 38 Etiqueta informativa

O eScooter ten unha etiqueta co número de chasis, o son máximo permitido, a masa máxima e as revolucións por minuto.

A etiqueta está situada na parte traseira esquerda, no lado oposto do número gravado no chasis » Fig. 38.

Especificacións técnicas

Especificacións do eScooter (parte ciclo + motor)

CHASIS	
Construción	Tubular de aceiro
MEDIDAS PRINCIPAIS	
Lonxitude total (mm)	2.026
Anchura total (mm)	722
Altura total (mm)	1.093
Distancia entre eixes (mm)	1.427
Altura asento (mm)	780
MASAS	
MMTA: Masa Máxima en carga tecnicamente Admisible (kg)	320
MMTA no eixo dianteiro (kg)	102
MMTA no eixo traseiro (kg)	218
Peso do eScooter con batería (kg)	152
Peso do eScooter sen batería (kg)	111
Peso da batería (kg)	41

TREN DIANTEIRO	
RODA DIANTEIRA	
Pina dianteira	15"
Pneumático dianteiro	120/70-15
Presión pneumático dianteiro: só/con pasaxeiro (bar)	1,8 / 2,2
FREIO DIANTEIRO	
Tipo	Disco (hidráulico, combinado)
Diámetro (mm)	260
SUSPENSIÓN DIANTEIRA	
Tipo	Forquita telescópica hidráulica convencional
Percorrido (mm)	80

TREN TRASEIRO	
RODA TRASEIRA	
Pina traseira	14"
Pneumático traseiro	140/70-14
Presión pneumático traseiro: só/con pasaxeiro (bar)	2,0 / 2,3
FREIO TRASEIRO	
Tipo	Disco (hidráulico, combinado) + Rexenerativo
Diámetro (mm)	240
SUSPENSIÓN TRASEIRA	
Tipo	Monoamortecedor hidráulico lateral
Percorrido (mm)	100

TREN DE POTENCIA

MOTOR

Tipo	Sen cepillos, sobre roda. Reversible: freo de motor rexenerativo. Marcha atrás
Potencia nominal (kW)	7
Potencia de pico (kW)	9
Velocidade máxima do eScooter (km/h)	95
Relación potencia/masa (kW/kg)	0,046

EFICIENCIA ENERXÉTICA

Consumo enerxético (Wh/km)	70
Normativa ambiental	Euro 5
Autonomía (BP 5,6 kWh)	137 km

SEAT S.A. preocúpase constantemente por manter todos os seus tipos e modelos en continuo desenvolvemento. Por iso pregámoslle que comprenda que, en calquera momento, se poden producir modificacións do eScooter entregado en canto a forma, equipamento e técnica. Por este motivo, non se pode derivar ningún dereito en función dos datos, ilustracións e descrições deste Manual.

Os textos, ilustracións e normas deste manual están baseados no estado da información no momento da impresión. Agás erro ou omisión, a información recollida neste manual é válida na data de peche da súa edición.

Non se permite reimprimir, reproducir ou traducir, total ou parcialmente, sen a autorización por escrito de SEAT.

SEAT reserva expresamente todos os dereitos baixo a lei sobre "Dereitos de autor". Todos os dereitos reservados para a modificación.



Este papel está elaborado con celulosa branqueada sen cloro.

© SEAT S.A.

